

Xuntos polo Nadal 2021

Programa de promoción do envellecemento activo e convivencia, destinado ás persoas maiores que se atopen soas nestas datas.

Prazas e destinos

Ofértanse prazas na **residencia de Panxón**, en Nigrán (Pontevedra).

Datas e servizos

A **primeira quenda** efectuarase no período comprendido **entre o 22 e o 29 de decembro e a segunda entre o 31 de decembro e o 7 de xaneiro**.

O programa comprende os seguintes **servizos**:

- Estancia na residencia durante 8 días (7 noites).
- Aloxamento en **habitacións compartidas** e manutención en réxime de pensión completa.
- Desprazamento en autobús dende os lugares que se establezan nas localidades que corresponda (Santiago e A Coruña) ata a residencia.
- Actividades de animación sociocultural.

A recollida das persoas participantes efectuarase o día 22 e 31 de decembro pola tarde e a volta o día 29 de decembro e 7 de xaneiro, respectivamente, despois do almorzo.

Persoas beneficiarias

- a. Ter 60 anos.
- b. Estar empadroado nalgún concello galego.
- c. Vivir so no seu domicilio e ter que pasar só/a as datas do Nadal.
- d. Valerse por si mesmo e non padecer enfermidade transmisible con risco de contaxio, nin trastornos mentais ou condutuais que poidan alterar a convivencia.
- e. Estar vacinado fronte á COVID-19 segundo o calendario sanitario vixente.

Solicitudes

O prazo de presentación será ata o día 15 de novembro de 2021 incluído, nos servizos sociais dos concellos.

Prezo da praza

Praza gratuíta.

Os gastos de desprazamento dende o domicilio ata o lugar de saída que se indique será por conta da persoa participante.